



## ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCEDEMENTO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE CORISTANCO

En data 15/11/2023 publicouse a Acta do tribunal cualificador do proceso selectivo dunha praza de auxiliar administrativo do Concello de Coristanco correspondente á realización e notas do terceiro exame deste procedemento.

No mesmo concedíase un prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación da antedita acta, para a presentación de alegacións ou reclamacións.

O prazo concedido rematou en data 22/11/2023 e, segundo informe elaborado polo persoal responsable do Rexistro municipal, non se ten coñecemento da presentación de alegación algunha.

Seguindo co establecido nas bases reguladoras deste proceso publicadas no BOP nº 92 de data 16/05/2023 (Base sétima), non será necesario realizar un cuarto exame sobre o coñecemento do idioma galego por parte dos opositandos que superaron o terceiro exame, en tanto en canto todos eles xustificaron inicialmente estar en posesión do título CELGA3 requirido neste proceso de selección.

O tribunal deberá reunirse para propoñer ao órgano competente o nomeamento do persoal (Base oitava das bases reguladoras deste proceso).

Na proposición do tribunal tamén se conterà unha relación complementaria por orde descendente da puntuación acadada daqueles outros aspirantes non propostos para o nomeamento, co fin de configurar a bolsa de emprego e segundo a orde/prelación resultante da puntuación acadada no proceso selectivo (superados ou non os exercicios e probas obrigatorias) para os supostos de imposibilidade do nomeamento e/ou toma de posesión/incorporación do aspirante inicialmente seleccionado para a cobertura da vacante convocada.

Tamén a Base sétima das que rexen este proceso establece que, en caso de empate entre as puntuacións totais finais de dúas ou máis persoas aspirantes, resolverase tendo en conta a maior puntuación no terceiro exercicio; de manterse o empate, terase en conta a puntuación obtida no segundo exercicio; de manterse o empate, terase en conta a puntuación obtida no primeiro exercicio; e de manterse, deberá resolverse por sorteo público ao que poderán asistir quen así o desexe.

Así, o tribunal reunirase no Salón de Plenos do Concello de Coristanco o día 28/11/2023 ás 10.00 horas para o exame e prelación das notas de todos os aspirantes. Caso de existir empate nalgunha das notas, a porta da sala abrirase ás 11.00 horas para que, as persoas interesadas, presencien o sorteo do posto a ocupar cada un dos opositandos empatados en puntos.

E para que así conste, publicarase este anuncio no Taboleiro de Anuncios na Sede Electrónica do Concello de Coristanco.